



Aprenhizaxe
Cooperativa

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (I)

Profesor/a	M ^a BELÉN OJEA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	1º BACHARELATO A / B
Área	FRANCÉS
Unidade Didáctica	INFORMACIÓNS PRÁCTICAS NUNHA CIDADE

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE DIDÁCTICA

Para: Revisar coñecementos previos sobre o vocabulario da cidade, os transportes e como indicar ou preguntar unha dirección.	Levei a cabo a seguinte actividade: Cun plano de París o alumnado tiña que lembrar as diferentes partes dunha gran cidade, os posibles medios de transporte e pedir e explicar unha dirección, como chegar dende un sitio concreto da cidade a outro.
---	--

Empreguei a seguinte estrutura:	PARADA DE TRES MINUTOS
---------------------------------	------------------------

Descrición da estrutura aplicada:

O alumnado debía recordar o vocabulario da cidade, dos medios de transporte, como pedir e indicar unha dirección utilizando a estrutura de Parada de tres minutos.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

A posta en común dos coñecementos previos puxo de manifesto que necesitaban repasar como se conxugaban os verbos en condicional e en imperativo e ampliar o vocabulario necesario para desenvolverse nunha cidade, nunha oficina de correos, nunha estación de tren ou indicar problemas na estrada. Dentro de cada grupo quedou claro a diferenza de nivel entre os distintos alumnos/as.

Autoinforme 3: : Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (II)

Profesor/a	Mª BELÉN OJEA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	1º BACHARELATO A / B
Área	FRANCÉS
Unidade Didáctica	INFORMACIÓNS PRÁCTICAS NUNHA CIDADE

Ó INICIO DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Mellorar o vocabulario da cidade, dos transportes, dos problemas nunha estrada, desenvolverse nunha estación de tren ou nunha oficina de correos.	Levei a cabo a seguinte actividade: A clase foi dividida nun grupo de tres alumnos/as e outro de catro, igual que en sesión anteriores, e adquiriron o vocabulario necesario desta Unidade Didáctica.

Empreguei a seguinte estrutura:	LÁPICES O CENTRO
---------------------------------	------------------

<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <p>Cada grupo tivo que buscar o léxico da Unidade Didáctica utilizando a estrutura Lápicés ó centro.</p>
--

<p>Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):</p> <p>Todos participaron na actividade e grazas o emprego do diccionario incluso ampliaron o vocabulario que se atopa no libro de texto do alumno. Respetaron a orde de intervención e deixaron falar ós compañeiros/as. O portavoz explicou ó resto da clase os resultados do seu grupo.</p>

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (III)

Profesor/a	M ^a BELÉN OJEA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	1º BACHARELATO A / B
Área	FRANCÉS
Unidade Didáctica	INFORMACIÓNS PRÁCTICAS NUNHA CIDADE

DURANTE A UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Estudiar o emprego do imperativo e do condicional de cortesía en francés e a fórmulas para facer preguntas.	Levei a cabo a seguinte actividade: Recordar as regras de conxugación destes tempos verbais e as tres maneiras que existen en francés para formular preguntas.

Empreguei a seguinte estrutura:	FOLIO XIRATORIO
---------------------------------	-----------------

Descrición da estrutura aplicada: Cada alumno debía conxugar un verbo en condicional e en imperativo e formular unha pregunta de tres xeitos diferentes empregando a estrutura de Folio xiratorio.
--

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): Esta estrutura foi moi útil para o repaso gramatical da Unidade Didáctica. Dentro de cada grupo hai alumnos/as que dominan perfectamente estes coñecementos gramaticais mentres que outros teñen mais dificultades a hora de conxugar os verbos o formular correctamente unha pregunta. Todos participaron respectando o turno de palabra dos demais compañeiros/as e colaboraron na posta en común final.

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (III)

Profesor/a	M ^a BELÉN OJEA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	1º BACHARELATO A / B
Área	FRANCÉS
Unidade Didáctica	INFORMACIÓNS PRÁCTICAS NUNHA CIDADE

DURANTE A UNIDADE DIDÁCTICA

Para: Saber desenvolverse nunha oficina de correos, nunha estación de tren e saber indicar problemas que se poden atopar nunha estrada.	Levei a cabo a seguinte actividade: Cada alumno debía facer un personaxe dun diálogo nunha oficina de correos, nunha estación de tren e doutro diálogo chamando aos servizos de emerxencia da estrada.
---	---

Empreguei a seguinte estrutura:	FOLIO XIRATORIO
---------------------------------	-----------------

Descrición da estrutura aplicada: Empregando a estrutura de Folio Xiratorio cada alumno interpretaba a un personaxe nestas situación habituais de comunicación.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): Cada alumno/a debía memorizar o seu papel despois de preparar o texto. Todos participaron con acerto, facendo unha posta en común e axudando ós compañeiros/as con mais dificultade de expresión en francés.

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (IV)

Profesor/a	M ^a BELÉN OJEA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	1º BACHARELATO A / B
Área	FRANCÉS
Unidade Didáctica	INFORMACIÓNS PRÁCTICAS NUNHA CIDADE

Ó FINAL DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Facer un resumo da Unidade Didáctica.	Levei a cabo a seguinte actividade: Lectura de un texto en francés sobre a descripción dunha cidade.

Empreguei a seguinte estrutura:	LECTURA COMPARTIDA
---------------------------------	--------------------

Descrición da estrutura aplicada: Coa estrutura de Lectura Compartida repasamos todos os contidos da Unidade Didáctica de Informacóns prácticas dunha cidade.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): Experiencia positiva, ben acollida polos alumnos/as. É un xeito diferente de traballar na aula con bos resultados.

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (I)

Profesor/a	
Centro	
Curso e Grupo	
Área	
Unidade Didáctica	

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE DIDÁCTICA	
Para:	Levei a cabo a seguinte actividade:

Empreguei a seguinte estrutura:	
---------------------------------	--

Descrición da estrutura aplicada:

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Autoinforme 3: : Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (II)

Profesor/a	Iago Castro
Centro	Ies Salvaterra
Curso e Grupo	4ESO B
Área	Lingua galega e literatura
Unidade Didáctica	As vangardas

Ó INICIO DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Activar os coñecementos previos e motivalos de cara ao desenvolvemento da UD	Levei a cabo a seguinte actividade:

Empreguei a seguinte estrutura:	Folio xiratorio
---------------------------------	------------------------

Descrición da estrutura aplicada: Proporcionábase a cada equipo un soneto e un poema vanguardista. Despois de o leren utilizan o folio xiratorio para enumerar as diferenzas entre un e outro.
--

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): <p>A estrutura funcionou moi ben en canto á motivación, pois fomentou o interese sobre o tema ademais de existir entre os equipos a <u>compoñente competitiva de ver que atopaba máis diferenzas.</u></p> <p>Houbo que insistir na necesidade de seguir una orde para participaren todos de maneira ordeada e sen repetir nada do escrito. Aquí tiven que convidar a refacer algún aspectos pois, no canto de se referir a diferenzas moi concretas (existencia/inexistencia de signos de puntuación, disposición dos versos...) no inicio da estrutura houbo quen xa "redactaba" todas as diferenzas que atopaba a nivel formal, deixando moi poucas posibilidades aos compañeiros pola falta de concreción.</p>
--

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (III)

Profesor/a	Iago Castro
Centro	Ies Salvaterra
Curso e Grupo	4ESO B
Área	Lingua galega e literatura
Unidade Didáctica	As vangardas

DURANTE A UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Solventar dúbidas, ver dificultades sobre a Unidade.	Levei a cabo a seguinte actividade:

Empreguei a seguinte estrutura:	Parada de tres minutos
---------------------------------	-------------------------------

Descrición da estrutura aplicada: Despois de contextualizar e explicar as vangardas artísticas de comezos de século XX fixemos a parada de 3 minutos para resolver dúbidas verbo da orixe, finalidade e concepcións da arte das vangardas.
--

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): Neste caso, apenas notamos cambios ou melloras sobre a tradicional cuestión ao gran grupo de se existe alguna dúbida. Malia insistir no comezo da necesidade de anotar una pregunta ou dificultade como mínimo por equipo, só 2 dos 6 o lograron. Nos dous casos preguntaron como era a transferencia dun ismo entre distintas disciplinas artísticas. Quizais a estrutura non era a axeitada para ese momento do desenvolvemento da unidade, pois fóra do currículo, en sesión de titoría si que ten funcionado moito mellor.
--

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (IV)

Profesor/a	Iago Castro
Centro	Ies Salvaterra
Curso e Grupo	4ESO B
Área	Lingua galega e literatura
Unidade Didáctica	As vangardas

Ó FINAL DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Avaliar a aprendizaxe dos contidos expostos	Levei a cabo a seguinte actividade:

Empreguei a seguinte estrutura:	Bolis ao centro
---------------------------------	------------------------

Descrición da estrutura aplicada:
Todos os equipos, de 4 membros, utilizaron esta estrutura que para responder un pequeno cuestionario sobre o tema tratado: 1-definición e caracterización das vangardas 2-o futurismo e o cubismo 3-surrealismo e dadaísmo 4-as vangardas en Galicia.
O escrito coas respostas estrégase ao final da sesión para ser avaliado.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):
O feito de saberen que tiñan que entregar por escrito una resposta común e que cada individuo do equipo lidere unha cuestión, provocou que todos estivesen moi implicados e centrados en facelo o mellor posible, tanto os que tiñan máis fresca a teoría como os que interiorizaran menos contidos (círculos e triángulos) cooperaron positivamente, polo que a propia tarefa se converteu nunha actividade de reforzo e compilación moi satisfactoria.

Autoinforme 3

Profesor: Demetrio Prego Martínez.

Centro: IES SALVATERRA DE MIÑO.

Curso e Grupo: 1º ESO A

Area: Lingua Galega.

Unidade Didáctica: Elementos da narración. A argumentación.

Estrutura empregada: LECTURA COMPARTIDA.

Descrición da estrutura: Dividiuse o texto que introduce o tema 8 do libro da materia de Galego. Tiveron que traballar a argumentación. Ían lendo cadanseu parágrafo e tratando de desenvolver a argumentación.

Valoración da estrutura aplicada:

ASPECTOS POSITIVOS:

+ Prestaban atención entre eles maioritariamente. Ter que participar na resolución do exercicio foi valorado positivamente por eles cando fixemos a parada de tres minutos.

DIFICULTADES:

- Os problemas de expresión oral e paradas intermitentes á hora de ler fixeron en dous grupos que os seus compañeiros desconectaran do argumento porque verdadeiramente era moi difícil seguir o fío. Cando se produce esta incidencia algún alumno quería desconectar a pesar de que o texto non era excesivamente grande.

Debemos ter en conta as dificultades que ten determinado alumnado coa lectura asignándolle un parágrafo breve que non interfira no entendemento do texto pero sen deixar que outr@ compañeir@ o lea para axilizar a actividade. Este alumnado precisa verse integrado na resolución dunha tarefa que posiblemente individualmente nunca entendería.

Autoinforme 3

Profesor: Demetrio Prego Martínez.

Centro: IES SALVATERRA DE MIÑO.

Curso e Grupo: 1º ESO A

Area: Lingua Galega.

Unidade Didáctica: Comprensión Textual. Análise do contido. Argumento e Personaxes.

Estrutura empregada: LAPIS AO CENTRO.

Descrición da estrutura: Despois de facer a lectura compartida crin conveniente valorar o nivel de comprensión do texto preparando preguntas relativas ao argumento e á caracterización física e psíquica dos personaxes que aparecían no texto. Fixenlle 8 preguntas que iamos tratando de contestar unha por unha despois de analizar a posible resposta en grupo.

Valoración da estrutura aplicada:

ASPECTOS POSITIVOS:

- + A nivel de comprensión non houbo problemas maioritariamente. Non houbo ningún grupo que deixara algunha pregunta en branco. Todos aportaron algunha pequena idea por pequena que fora.
- + Hai alumnado que percibe que é axudado cando falan ou se dirixen a el.

DIFICULTADES:

- Algún grupo contestaba moi telegraficamente en vez de desenvolver a resposta. Hai que ter en conta que algún alumnado á hora de expresarse oralmente tamén teñen dificultades. Cando tratan de expresar unha idea precisan botar man dun léxico que non teñen axeitado para expresar o que queren.
- Aínda que as preguntas eran de fácil resposta o alumnado, ao ter que intervir e dar a opinión, consideraban que as preguntas eran difíciles e "rebuscadas".

Autoinforme 3

Profesor: Demetrio Prego Martínez.

Centro: IES SALVATERRA DE MIÑO.

Curso e Grupo: 1º ESO A

Area: Lingua Galega.

Unidade Didáctica: Comprensión Textual. Análise do contido. Argumento e Personaxes.

Estrutura empregada: PARADA DE TRES MINUTOS.

Descrición da estrutura: Despois de facer a estrutura de LAPIS AO CENTRO fixemos unha parada de tres minutos onde lle pedín que escribieran os aspectos positivos e negativos.

Valoración da estrutura aplicada:

Esta estrutura foi aplicada ao final da actividade de Lapis ao centro polo que acababan de ter a experiencia e non tiveron dificultades en poñer o que lle pareceu positivo e negativo. Cando remataron expuxémolas na cortiza e establecemos un pequeno turno de análise dos resultados.

Aspectos expostos polo alumnado.

ASPECTOS POSITIVOS:

- + Temos tempo para pensar antes de responder.
- + Escribimos todos á vez . Se tiveramos o lapis na man non atenderíamos aos compañeiros.
- +Debatimos a resposta entre tod@s. Axudámonos.
- + Falamos en grupo para responder.
- + Está ben, comprendemos a lectura.

- + Arranxámonos ben.
- + Divertido, entendémonos ben.
- + Aprendemos a traballar en grupo, aprendemos a resumir e entender o texto.
- + Que traballamos tod@s e máis rápido.

DIFICULTADES:

- Preguntas moi difíciles e rebuscadas.
- Podemos chegar a discutir por buscar as respostas correctas.
- Había veces que resulta difícil pórse de acordo.
- Falabamos moito.
- Afirmar ter pouco tempo para resolver as cuestións. (Esta sería unha cousa positiva porque se precisan tempo para resolver a pregunta é indicativo de que teñen ganas de participar e de resolver a cuestión, individualmente non fomentariamos este aspecto do "interese voluntario".
- Faltou un compañeiro.
- A algún alumno custoulle entender a lectura.
- Interesante!!!! "Hai que atender máis", "Temos que entendernos os catro".

Autoinforme 3

Profesor: Demetrio Prego Martínez.

Centro: IES SALVATERRA DE MIÑO.

Curso e Grupo: 1º ESO A

Area: Lingua Galega.

Unidade Didáctica: Lingua e Sociedade. O galego de fóra.

Estrutura empregada: 1-2-4.

Descrición da estrutura: Primeiro estivemos lendo e comentando o apartado: Lingua e Sociedade. O galego de fóra.

Este contido aparece no libro de texto que utilizamos de referencia, despois de deixarlle tempo para que o voltaran a ler uns minutos e de comentar algunhas cuestións de relevancia para o entendemento da unidade didáctica propúxenlle unha serie de preguntas. Propúxenlle 5 cuestións. Debían contestalas de unha en unha, non lles dei todas xuntas. Indiqueille que puxeran no caderno 1-2-4 para a resposta a cada pregunta.

Valoración da estrutura aplicada:

- Despois da realización destas estruturas repetin dúas veces máis 1-2-4 e puiden comprobar que precisaron a repetición desta estrutura para decatarse o importante que sería non resolver as preguntas só no 4, dependendo do grupo. A repetición da actividade creo foi fundamental para que o alumnado perciba o que pode conseguir individualmente e a onde pode chegar en grupo.

ASPECTOS POSITIVOS:

+ Xa había cousas que no había que lembrar. Xa sabían que traballaban en grupo e que tod@s teñen sempre algo que aportar.

DIFICULTADES:

- Houbo un grupo que non conseguiu nas dúas primeiras preguntas contestar a nada. Pediuselle que prestaran atención, que fixeran un esforzo de grupo e despois respostaron algo aínda que sen demasiado acerto.

- Foilles difícil ao principio percibir que nesta actividade había que contar con compañeiro e logo co grupo.

- Lembrouse que miraran para o caderno. Se só contestaban no 4, cando estaban co grupo, deberían reflexionar en qué facer individualmente para non ter que depender dos demais para resolver as cuestións. Depender dos demais non sempre é aceptado polo alumnado pero forma parte da aprendizaxe e eles mesmos son quen de percibir que esta actividade pode axudarlles.

1) **Atención**

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (I)

Profesor/a	ANDRÉS E. CABANA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	3º PDC
Área	ÁMBITO CIENTÍFICO TÉCNICO
Unidade Didáctica	XEOMETRÍA DO TRIÁNGULO

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Saber os coñecementos previos do alumnado	Levei a cabo a seguinte actividade: Tras unha introducción – motivación da unidade didáctica a desenvolver, propuxen ao alumnado unha serie de cuestións relacionadas cos conceptos a tratar na UD.

Empreguei a seguinte estrutura:	Folio xiratorio
---------------------------------	------------------------

Descrición da estrutura aplicada: Un alumn@ da unha resposta a unha pregunta comentando, previamente ao grupo a súa idea. O grupo expresa a súa opinión e 2 alumn@ escribe no folio. A continuación pasa o folio a outr@ compañeir@ (seguindo o sentido das agullas do reloxo) que repite o procedemento anterior, e así sucesivamente ata que todas as cuestións son respostadas.
--

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): Resultou positivo no sentido de que entre o grupo foron recordando conceptos que xa tiñan esquecidos, a pesar de todo, ningún grupo foi quen de recordar cousas que xa tiñan que ter vistas en cursos anteriores (1º e 2º ESO)

Autoinforme 3: : Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (II)

Profesor/a	ANDRÉS E. CABANA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	3º PDC
Área	ÁMBITO CIENTÍFICO TÉCNICO
Unidade Didáctica	XEOMETRÍA DO TRIÁNGULO

Ó INICIO DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Explicación dos conceptos da unidade	Levei a cabo a seguinte actividade: Co apoio da aplicación de xeometría dinámica GeoGebra, fun explicando os contidos básicos (fundamentalmente contidos de tipo conceptual da unidade) Ao finalizar a explicación fixemos unha sesión de consulta de dúbidas

Empreguei a seguinte estrutura:	Parada de tres minutos
---------------------------------	-------------------------------

Descrición da estrutura aplicada:
Durante tres minutos os membros do grupo debatiron acerca das explicacións dadas pola miña parte e escribiron nun folio as dúbidas e as cuestións acerca destas dúbidas.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):
Ao debater en grupo as dúbidas xorden cuestións que, probablemente, por un só non terían xurdido ou non se atreverían a preguntar.

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (III)

Profesor/a	ANDRÉS E. CABANA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	3º PDC
Área	ÁMBITO CIENTÍFICO – TÉCNICO
Unidade Didáctica	XEOMETRÍA DO TRIÁNGULO

DURANTE A UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Afianzar os conceptos	Levei a cabo a seguinte actividade: Resolución de exercicios coa axuda de GoeGebra

Empreguei a seguinte estrutura:	Lápices ao centro
---------------------------------	--------------------------

Descrición da estrutura aplicada:

Tras a proposta de exercicios, cada membro do grupo lee e da solución a un exercicio mentres os lápices están no centro, en sentido das agullas do reloxo vai preguntando opinión acerca da solución a cada membro do grupo. Finalmente debaten acerca da solución que cren correcta e, unha vez entendida por todos os membros, collen os lápices e escriben a solución en silencio na súa folla. A continuación o seguinte membro do grupo, seguindo o sentido das agullas do reloxo, repite a operación e así ata que finalizan con todos os exercicios propostos.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):


Como aspecto a salientar positivamente decir que con esta dinámica todos os membros do grupo aportan algo á solución de cada exercicio.

En canto ás dificultades é destacable o feito de que é difícil de aplicar a dinámica xa que moitas veces non respectan os correspondentes turnos á hora de expresar a opinión acerca da resolución dun exercicio.


← Estrut.

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (IV)

Profesor/a	ANDRÉS E. CABANA GONZÁLEZ
Centro	IES SALVATERRA DE MIÑO
Curso e Grupo	3º PDC
Área	ÁMBITO CIENTÍFICO – TÉCNICO
Unidade Didáctica	XEOMETRÍA DO TRIÁNGULO

Ó FINAL DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: NON REMATADA AÍNDA	Levei a cabo a seguinte actividade: 

Empreguei a seguinte estrutura:	
---------------------------------	---

Descrición da estrutura aplicada: 

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (I)

Profesor/a	Ana Bolibar Chinchilla
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso e Grupo	2º BAC A/B
Área	Latín
Unidade Didáctica	Os valores da partícula UT con modo subxuntivo

ANTES DE EMPEZAR A UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Consolidar coñecementos e afianzar competencia lgca.	Levei a cabo a seguinte actividade: Tradución de oracións compostas por subordinación comparativa introducidas pola partícula UT con modo verbal indicativo.

Empreguei a seguinte estrutura:	1,2,4 // 1,2,3
--	-----------------------

<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Repartíuse a cada membro do equipo (dous de 4 e dous de 3) unha folla cun enunciado en latín e unha táboa con 3 ou 2 columnas (dependendo do número de integrantes do equipo) - Na primeira columna todos os membros dos equipos escribiron cadansúa tradución - Na segunda columna escribiron unha tradución consensuada por parellas (no caso de equipos de 4) ou por todo o equipo (no caso de equipos de 3) - Na terceira columna escribiron a tradución consensuada por todo o equipo no caso dos equipos de 4 - Os portavoces leron as traducións consensuadas polos equipos
--

<p>Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): trátase dunha estrutura moi axeitada para a tradución porque axúdanse moitísimo, resúltalles máis entretido e o alumnado con máis necesidade atrévese a preguntar con máis confianza.</p>
--

Autoinforme 3: : Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (II)

Profesor/a	Ana Bolibar Chinchilla
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso e Grupo	2º BAC A/B
Área	Latín
Unidade Didáctica	Os valores da partícula UT con modo subxuntivo

Ó INICIO DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Asegurar o seguimento da explicación inicial	Levei a cabo a seguinte actividade: Explicación esquemática dos valores de UT a partir de exemplos dados para rematar coa confección dun esquema.

Empreguei a seguinte estrutura:	<i>Parada 3 minutos</i>
--	--------------------------------

<p>Descrición da estrutura aplicada: Antes de facer o esquema se fixo unha parada na explicación e se pediu ao alumnado, que xa estaba distribuído en equipos, que expresase dúbidas ou calqueira tipo de cuestión que lle xurdise. Non se avisou de tal parada.</p>
--

<p>Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dos catro equipos só un expresou unha dúbida. Pero foi unha dúbida importante que axudaba á comprensión do que alí se estaba explicando e que, casi o podo afirmar, non tivese xurdido de non estar en equipo. - O feito de que os outros equipos non emitisen ningunha pregunta tamén o analizo como positivo no sentido de que me serviu, como profesora, para tratar o tema da desconexión que unha gran parte do alumnado amosa durante as explicacións. - Debería ter avisado de que esa parada se ía realizar e, de seguro, tivese habido máis intervencións.
--

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (III)

Profesor/a	Ana Bolibar Chinchilla
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso e Grupo	2º BAC A/B
Área	Latín
Unidade Didáctica	Os valores da partícula UT con modo subxuntivo

DURANTE A UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Practicar as estruturas sintácticas con UT.	Levei a cabo a seguinte actividade: Cada equipo traduciu un fragmento do capítulo do libro onde se introduce esta estrutura.

Empreguei a seguinte estrutura:	1,2,4 // 1,2,3
--	-----------------------

<p>Descrición da estrutura aplicada:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Repartíuse a cada membro do equipo (dous de 4 e dous de 3) unha folla cunha táboa de 3 ou 2 columnas (dependendo do número de integrantes do equipo) - Na primeira columna todos os membros dos equipos escribiron cadansúa tradución - Na segunda columna escribiron unha tradución consensuada por parellas (no caso de equipos de 4) ou por todo o equipo (no caso de equipos de 3) - Na terceira columna escribiron a tradución consensuada por todo o equipo no caso dos equipos de 4 - Os portavoces leron as traducións consensuadas polos equipos

<p>Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):</p> <p>Observei as mesmas que cando se realizou ao principio da unidade pero ao ser un fragmento longo xurden os problemas ocasionados polos distintos ritmos dos alumnos e alumnas.</p>

Autoinforme 3: Valoración das actividades dunha Unidade Didáctica realizadas en equipo (IV)

Profesor/a	Ana Bolibar Chinchilla
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso e Grupo	2º BAC A/B
Área	Latín
Unidade Didáctica	Os valores da partícula UT con modo subxuntivo

Ó FINAL DA UNIDADE DIDÁCTICA	
Para: Consolidar os coñecementos e a competencia lgca	Levei a cabo a seguinte actividade: A tradución de varios enunciados en lingua latina nos que aparecía a partícula UT e outras estruturas xa vistas.

Empreguei a seguinte estrutura:	<i>Lápis ao centro</i>
--	-------------------------------

Descrición da estrutura aplicada: <ul style="list-style-type: none"> - Tódolos membros do equipo reciben unha folla na que se describe a estrutura e se formulan tres ou catro enunciados a traducir, dependendo do número de compoñentes do equipo. - Cada un se fai responsable da tradución dun enunciado. - Le ese enunciado en voz alta e opina como traducilo. - Despois pide a opinión dos seus compañeiros/as asegurándose de que todos a aportan. - Ata aquí os bolis ou lápices deben estar no centro da mesa. So se pode falar. - Unha vez consensuada a resposta, o responsable a escribe. - É o momento no que se poden coller os bolis ou lápices. - Os bolis e lápices volven ao centro e se repite o proceso coa seguinte pregunta

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): Nesta estrutura sempre é difícil calar cando se debe, por iso mesmo a considero moi educativa.

Belén } Parade 3' (antes)
Lápis (inicio)
Folio x (durante)
Lect comp. (final)

IAVO } Folio (inicio)
Parade 3' (durante)
Lápis (Final)

Demetrio } Lectura comp
Lápis
Parade 3'
1, 2, 4

Andrés } Folio (antes)
Parade (inicio)
Lápis (durante)

Ane

1, 2, 4 (antes e durante)
Parade 3' (inicio)
Lapis (final)

Be/24: informaciones prácticas
sobre nueva vida de

Dne: a partícula U7 con
modo subjuntivo

Andr: geometría de
triángulo

Demetrio: elementos de
narración, de ar-
gumentación

Laso: as vanguardas


22 Abril 2015

Portzucadre

- Participación simultánea e interacción igualitaria.
- Ano próximo: todos ámbitos xú los desde o principio e desende xú desde inicio de curso.
- O Plan de Equipo teino o ditos e as diñéncias tamén O Plan hai pr facelo on cada equipo ne hora de ditos
- A aprendizaxe cooperativa si se pode introducir paulatinamente (non todos os equipos)

pero el objetivo de que se hagan
todos a la vez.

- **AL** así se se manifiesta
falta de un tema que ten
o alumnado: se admiten con
facilidad criterios ellos



- En **FOLIO XIR** é importante
que se expliquen entre eles;
correxir explicando.

- **TODOS POR 1**: interesante
para que se preocupen de que
todos os membros do grupo o
fagan ben.

- É importante que cando
orden problemas no funciona-
mento das estruturas o profesor
provoque a solución con respostas



- O papel de PT a partir de
agora será entrar con outras persoas
no sub. → Reorientar horarios
de PT






- Lectura compartida:

- Nos novos currículos a prática
é de cooperativa e prática como
lento

- Rúbricas para avaliar o
trabalho cooperativo: devem
incluir o que a prática vai,
deixando que é a cooperação
e devem ser autênticas, é
deixar, os itens devem surgir
do que vamos observando na
aula.



- Actividades integradas de aprendizaje i tareas en producto final relevante.



PLAN EQUIPO

- Nombre equipo
- Logo
- Seguirte que:
 - plan de equipo desde o principio e todos os componentes ocuparán todos os roles.
 - Os roles teñen que ter funcións
 - Coordinador, exudente (sustitúe ao pr falta

secretario (guarda o plan de equipo), intendente (organizador de disposici3n de aula), silenciador

- Os mesmos cargos en cada aula.

- Primeiro se definen os cargos e logo se nomean